


El rosario da moura

↓ Enma Méndez

*"Os recordos nun enchen a nosa soledá,
como se dice; por contra, fainla más fonda"*

G. Flaubert



Nun era más qu'úa sombra más moura entre as sombras del igresia, d'aquella igresia sempre fría y sempre a escuras, que nin nos días de más sol del brao calecía nin se vía nada se nun se prendían as lluces; allí sentada, que xa nin se podía arrodiyar, como ella ben quixera, pasaba as horas rezando, daba igual qu'houbese misa que non, pode que porque xa nun ouguía muito ben, igual porque inda nun perdera el costumbre de condo eran as misas en llatín y a xente taba a lo sou, rezando, xa que nun ye entendían nada al cura, el sermón y pouco más. Bisbisando rezos desde el tercer banco delante del altar, namás erguía a cabeza pra mirar prá Virxen, el única cousa branca naquella igresia de paredes de pedra y altares mouros, y volvía baxalla pras maos reviyecas de didos retorcidos que pasaban sin descanso as cuentas tamén mouras del rosario.

Inda de noite nel inverno, víase pasar camín del igresia pollas caleyas entre as casas a sombra encoyida y moura d'aquella muyer, sempre apurada y cos oyo pegaos al tarrén, envolta núa mantella más llarga qu'ella, y outra vez de volta camín das doce pra volver, despós de xantar, fer el mismo camín, y outra vez de noite, condo iba de recoyida. Os vecíos sentíanla pasar, inda sin vella, y dalgúa muyer presinábase con mao rápida, compadecida d'aquella probe muyer y tendo medo de acabar como ella; os nenos escondíanse d'ella y nadie se molestaba xa en saludalla condo nun yes quedaba más remedio que cruzarse con ella nel camín, sabendo que nun iba contestar-yes. Namás na misa parecía ver al resto da xente, condo el cura mandaba dar a mao á vecía, y fíalo col humildá del que se sabe pouco agradable pra os demás, pedindo perdón con aquellos oyo case sin color al estirar el que podía úa mao trembúa y fría; que nun chegaba a deixarse agarrar polla d'outro y xa taba outra vez encoyida al redor del rosario mentras a boca sin parada apurábase inda más a rezar.

—Ou é úa santa ou muitos pecaos ten —dicían os qu'inda nun la coñocían, al vella rezando sin parar.

Pro, pra os que xa ye sabían a zuna, era a probe muyer que pasaba todo el día nel igresia porque xa nun podía fer outra cousa, ás veces rezando y outras pasando el rosario mentras repasaba a súa vida, amecendo oracióis y recordos sin muito sentido pral que, sentao al pé, sentía, y ás veces hasta entendía, el que bisbisaba a boca desdentada, namás úa regandixa escondida entre as arrugas d'aquella cara de peleyo case trasparente, movéndose sin parar, dei-

xando pasar el tempo mentras esperaba que ye chegase el hora, cansada xa de padecer núa vida que nunca fora fácil pra ella.

Aquella figura que pasaba polos camiños como un aparecido al ameicer y al escurecer arrastraba con ella toda a pena que pode aguantar úa persona, levando sempre lluito por todos os que xa nun taban al sou llao, pensando en cóntas veces nun sería miyor que fose ella quen faltase, úa veyá que xa nun tía nada que fer neste mundo más que seguir aguantando y sufrindo dolores xa veyos, pro qu'inda sangraban na súa ánima, y rezando por todo y por todos, pro, más que nada, por ella y el pecao más grande que tía: el querer morir. Sin forza para fer nada, nun encontraba ningún xeito a seguir vivindo, dando trabayo a aquella sobría que la recoyera condo xa nun tía nadie pra quen mirar, nin que mirase pra ella, sin poder axudarye nin atendendo os potes. Eso era el que más ye dolía a ella, nun ser capaz de fer nada, ver el trabayo y ter que deixallo sin fer y por eso pasaba os días nel igresia, fendo el único qu'inda podía fer, hasta qu'acabase por nun recordar nin un oración, rezando, y cruzaba el aldea sin erguer os oyo del tarrén y ás horas que nun había nadie polos camiños pra nun ver a nadie trabayando a quen axudar coa forza que xa nun tía. Cada noite acostábase pedindo nun espertar más y erguía coa primeira claridá rezando pra que fose el último día pra ella, tomaba el papao de lleite que xa tía nel sou tanquín na cocía y salía camín del igresia. Condo el reló daba as doce desandaba el camín pra xantar na casa y volver outra vez hasta qu'empezaba a ferse noite, era igual que chovese, fixese sol o vento, pra cumprir outro día más coa penitencia qu'ella mesma s'impuxera por seguir viva mentras todos os sous desapareceran ún a ún del sou llao; y tamén repasar esa llista da xente que xa nun taba era parte da penitencia, os recordos de todo el que vivira, y el que sufrira, condo xa nin llágrimas nos oyo ye quedaban.

Cruzando as caleyas del aldea vese pasar a figura moura y pequena d'úa muyería camín del igresia unde pasa el tempo esperando el día que nun ameiza pra ella, mentras dalgún vecín fala en voz baxa de cónto tuvo que pasar na vida pra seguir viva namás que por costumbre, que xa nin ganas nin forzas ye quedan, y acordase del que ten trabayao, y sufrido, y choro, esa muyer de mouro qu'agora pasa como un ánima al pé da xente, sin vella sequera, vivindo namás que nel recordo.

